

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DISTRIBUIDORAS DE HOSTALARÍA E ALIMENTACIÓN DE LUGO PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DA V FEIRA GASTRONÓMICA L DE LUGO

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2025

REUNIDOS

Por unha banda, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Por outra, D. Severino Eloy García López, presidente da **Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que no exercicio do seu cargo se deducen dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo pretende levar a cabo unha nova edición da Feira Gastronómica L de Lugo. A V Feira L de Lugo, que se celebrará os días 26 e 27 de outubro de 2025 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, preséntase como un evento de referencia no panorama gastronómico do noroeste peninsular. As edicións pasadas foron un rotundo éxito, congregando a miles de asistentes e consolidándose como unha cita ineludible para profesionais e amantes da boa mesa.

O éxito das anteriores edicións débese, en gran medida, á participación de prestixiosos cociñeiros e produtores locais, así como á ampla oferta de actividades que inclúen maridaxes, showcookings, degustacións de viños e tendencias en coctelería e café. A feira converteuse nun escaparate da excelencia gastronómica de Galicia, destacando a calidade dos produtos autóctonos e fomentando a interrelación entre produtores, hostaleiros e consumidores.

Cada ano, a feira atrae a un maior número de expositores e visitantes, demostrando o crecente interese polo evento e a súa relevancia no sector.

O evento xera un importante impacto económico en Lugo, promovendo o turismo e o comercio local. As empresas hostaleiras, comerciais e culturais benefíciense do aumento de visitantes.

Oferta diversificada e innovadora, xa que a feira aposta por novas experiencias, combinando tradición e innovación. Isto non só mantén o interese dos visitantes habituais, senón que tamén atrae a novos públicos.

Grazas ás facilidades de acceso, incluíndo buses de transporte gratuítos desde o centro da cidade, e a localización estratéxica do Pazo de Feiras, a feira resulta accesible para todos os públicos.

A V Feira L de Lugo está destinada a continuar coa súa traxectoria de éxito, afianzándose como un evento imprescindible no calendario gastronómico e cultural de Galicia, e

contribuíndo significativamente ao desenvolvemento e promoción da cidade de Lugo e a súa contorna.

Terceiro.- A V Feira L de Lugo ten varios obxectivos, aliñados coa súa misión de consolidarse como un evento de referencia na gastronomía e o turismo do noroeste de España. Estes obxectivos son os seguintes:

Promoción da Gastronomía de Calidade

A feira busca destacar e promover os produtos alimentarios de alta calidade da rexión, incluíndo alimentos frescos e conxelados, viños de denominación de orixe, cervexas artesanais e outros produtos locais. Este enfoque non só pon en valor os produtos galegos, senón que tamén resalta a diversidade e riqueza culinaria da provincia de Lugo e de Galicia en xeral.

Fomento de Oportunidades de Negocio

A feira é un punto de encontro entre produtores, distribuidores e profesionais do sector alimentario e hostaleiro. Ao proporcionar un espazo onde se poidan establecer contactos e colaboracións comerciais, a feira contribúe significativamente ao dinamismo económico da rexión. A presenza de máis de 150 adegas e a exposición de máis dun milleiro de viños son proba do impacto e a relevancia que este evento ten no sector.

Impulso ao Turismo de Calidade

L de Lugo non só busca atraer a profesionais, senón tamén a un público xeral que se interese pola gastronomía e o turismo de experiencias. Este enfoque axuda a posicionar a Lugo como un destino turístico de primeiro nivel, combinando a oferta gastronómica con actividades complementarias como catas, obradoiros de cociña e eventos musicais, o que enriquece a experiencia dos visitantes e fomenta o turismo sostible e de calidade.

Dinamización da Economía Local

O evento xoga un papel crucial na dinamización económica local, non só a través do turismo e as actividades comerciais directas, senón tamén mediante a xeración de emprego e a promoción de produtos locais nun mercado máis amplo. A feira tamén apoia iniciativas locais

como "Saborea a túa Provincia" e "Coñece a túa Provincia", que buscan fortalecer a identidade e a economía local mediante a promoción dos seus produtos e destinos.

Educación e Cultura Gastronómica

Un dos obxectivos fundamentais é educar ao público e aos profesionais sobre a calidade e o valor dos produtos locais. A través de showcookings, maridaxes e obradoiros, a feira proporciona coñecementos e experiencias prácticas que enriquecen a cultura gastronómica dos asistentes. A inclusión de actividades como a elaboración de pan galego e a presentación das últimas tendencias en coctelería son exemplos deste compromiso educativo.

A V Feira L de Lugo preséntase non só como un escaparate de produtos de calidade, senón como un motor económico e cultural que busca posicionar a Lugo como un referente no mapa gastronómico e turístico de España.

Cuarto.- Máis de 150 adegas presentarán unha selección de viños de diversas denominacións de orixe. Ademais, produtores locais e nacionais exhibirán produtos de terra e mar, xunto con innovacións en coctelería e panadería.

A feira contará cunha diversa gama de expositores e marcas, que inclúen tanto distribuidoras locais como recoñecidas marcas nacionais e internacionais. Entre as distribuidoras que estarán presentes destacan aquelas que potenciaron a gastronomía rexional, facilitando a presenza de importantes marcas no evento.

Algunhas das marcas que participarán nesta edición representan produtos de alta calidade, desde viños e cervexas ata alimentos frescos e preparados. Estas marcas terán a oportunidade de realizar degustacións, maridaxes e presentacións en vivo, o que permitirá aos asistentes coñecer de primeira man a excelencia dos seus produtos.

A feira está deseñada para atraer tanto a profesionais da hostalería como ao público xeral. Para os profesionais, será unha oportunidade inestimable para establecer contactos, descubrir novas tendencias e produtos, e aprender dos expertos a través de diversas actividades formativas. Para o público xeral, a feira ofrece unha experiencia rica e variada, coa posibilidade de gozar dos mellores produtos e da gastronomía de Galicia.

O evento non se limitará á exposición de produtos. Haberá unha serie de actividades deseñadas para involucrar aos visitantes de maneira interactiva. Isto inclúe:

- Show Cooking: Espectáculos culinarios con chefs recoñecidos que demostrarán técnicas e receitas con produtos locais.
- Maridaxes: Sesións onde cociñeiros presentarán tapas acompañadas de viños selectos, limitadas a 30 persoas por sesión.
- Cóctel Ring: Exhibición de coctelería cos mellores baristas.
- Catas formativas e concurso por parellas a cargo de Juanjo Figueroa (presidente da asociación de sumilleres de Galicia).
- Terraza The Macallan: Experiencia exclusiva con whiskys únicos e licores sofisticados.
- Actividades para nenos: Espazo dedicado a entreter aos máis pequenos.
- Obradoiros e Charlas: Haberá espazos dedicados á formación con cursos e charlas sobre tendencias e técnicas en gastronomía e hostalería.

A feira terá lugar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, con horario de 12:00 a 21:00. Disporase de transporte gratuíto desde centro de Lugo ó recinto feiral para facilitar o acceso aos asistentes.

L de Lugo dispuxo unha infraestrutura completa para facilitar a participación dos expositores. Isto inclúe servizos gratuítos como a provisión de copas, salas multiusos, cociñas completas baixo demanda, e espazos para presentacións. Ademais, creouse un ambiente familiar con actividades e espazos seguros para nenos, permitindo que toda a familia goce do evento.

En resumo, a 5ª Feira L de Lugo 2025 perfílase como un evento clave para a gastronomía e a hostalería, cunha ampla participación de marcas e expositores, e unha oferta variada de actividades que prometen atraer a un público diverso e entusiasta.

Quinto.- A Feira L de Lugo concluíu nas pasadas edicións cun notable éxito, superando as expectativas iniciais dos organizadores e participantes. Este evento, que se consolidou como unha referencia no ámbito da distribución e a gastronomía no noroeste de España, destacou pola súa capacidade para atraer a unha audiencia diversa e por ofrecer unha ampla variedade de actividades e experiencias culinarias.

Un dos aspectos máis destacados nas pasadas edicións foi a alta afluencia de público. Neste ano esperase a participación dunhas 5.000 persoas durante os días do evento, o que reflicte o crecente interese e recoñecemento que gañou a feira nas súas edicións anteriores. A presenza de profesionais do sector, xunto coa asistencia de numerosos visitantes locais e turistas, contribuíra a crear un ambiente vibrante e dinámico.

A feira contará de novo coa participación de máis de 150 adegas e produtores, que presentarán unha ampla selección de viños de diversas denominacións de orixe, tanto galegas como nacionais. Ademais, contarase outro ano máis cá Denominación de Orixe Ribeira Sacra e da IXP Terras de Navia, OPP de Burela, Tenreira Galega, ampliando así a oferta e diversidade de produtos dispoñibles para os asistentes.

Ademais das degustacións de viños, a feira ofrece experiencias gastronómicas únicas con produtos autóctonos de Galicia. Os showcookings e maridaxes son particularmente populares, destacando a participación de chefs recoñecidos como Fran Vilela e Jose do Boni, entre outros, quen presentarán innovadoras propostas culinarias.

A V Feira L de Lugo non só se centra na gastronomía, senón que tamén pon en valor o potencial turístico da rexión. A feira serve como unha plataforma para promover a riqueza culinaria e cultural de Lugo, atraendo a visitantes e potenciando o turismo local. A inclusión de zonas infantís e eventos musicais axuda a crear un ambiente familiar e atractivo para todos os públicos.

Os organizadores valoran moi positivamente esta futura edición, xa que destacarán que os resultados superarán con creces as edicións pasadas. A feira non só cumpre cos obxectivos de promoción e difusión da gastronomía local, senón que tamén demostra ser un evento clave para o sector da distribución na provincia.

A V Feira L de Lugo reafirmará a súa posición como un evento de referencia no panorama gastronómico do noroeste peninsular, cunha excelente acollida por parte do público e un impacto significativo na promoción dos produtos e a cultura local.

Sexto.- Que, polo exposto, concorren, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que coas actuacións obxecto do presente convenio contribúese á promoción non só da provincia senón da Comunidade Autónoma e a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, así como ao fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, ao ser a Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo a única entidade competente para a realización do seu obxecto.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo para o apoio á organización da infraestrutura para a celebración da V Feira Gastronómica L de Lugo, que terá lugar os días 26 e 27 de outubro de 2025 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a **53.000,00 € (IVE incluído)**, co seguinte desagregamento:

DESCRICIÓN	IMPORTE
------------	---------

Nóminas	10.867,50 €
Seguridade Social + IRPF	4.132,50 €
Teléfono, outros gastos correntes e utensilio desbotable (material de oficina, pratos desbotables, manteis, etc)	496,50 €
Empresa limpeza + produtos limpeza	2.350,00 €
Publicidade (carteis, catálogos, lonas,...)	1.593,97 €
Seguridade da feira	2.891,90 €
Aluguer de stands e montaxe e desmontaxe	30.667,63 €
Total gastos estimados	53.000,00 €

Deste orzamento a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, cunha achega de **30.000,00 €** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2025**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. A Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo obrígase a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio e o cumprimento da súa finalidade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que resulten aplicables.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación da subvención efectuarase pola Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 8/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras axudas, recursos, ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto tivera sido realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca turística de Galicia.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a entidade beneficiaria deberá presentar os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007,

do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2025**.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención proporcionalmente á contía xustificada.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida, e sen que se supere

a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, segundo o disposto no artigo 63.1.Dous do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a Asociación terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a súa contía acumulada supere os 18.000€. A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do citado Regulamento.

Novena.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. ADISLUGO será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Modificacións e resolución do convenio

I. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei

40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sexta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de

protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o concello ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo sétima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea

obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2025**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Asociación de
Distribuidoras de Hostalaría e
Alimentación de Lugo

José Manuel Merelles Remy

Severino Eloy García López